

PROTOCOLO BIBLIOTECA CONTEXTO COVID PARA O CURSO 21-22

No que respecta ás medidas sanitarias o seu funcionamento **supeditarase ás pautas ditadas pola Consellería para o conxunto do centro educativo**. En todo caso, a biblioteca debe seguir sendo, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e a aprendizaxe.

Se se dera un escenario de actividade académica non presencial, o equipo da biblioteca poderá establecer un horario de atención para profesorado e alumnado. Concretaríase no seu momento o medio máis axeitado para estes apoios (correo electrónico ou outros).

AFORO

Tomando como base as medidas preventivas ditadas pola administración, o aforo máximo será de **42 persoas**. Só se poden utilizar os **postos habilitados** sinalizados a tal efecto, mantendo en todo momento a distancia de seguridade.

MEDIDAS SANITARIAS

- Uso de **máscara** e mantemento da distancia de seguridade.
- **Hixienización de mans** con solución hidro-alcohólica ao entrar e saír da biblioteca.
- **Hixienización dos postos ocupados** ao remate da sesión por parte do usuario.
- **Ventilación** da estancia segundo as pautas establecidas no centro.
- O equipo de traballo da mesa de xestión (ordenador, monitor, teclado, rato, superficie da mesa, material de oficina...) deberá ser usado preferentemente polos integrantes do equipo de biblioteca, e desinfectarase adecuadamente antes e despois de ser empregado.

PRÉSTAMOS E USO DO MATERIAL

- No referente ao servizo de préstamo de libros ou outro material, realizarase de xeito habitual, aínda que os materiais devoltos deberán permanecer separados en caixas identificadas e illadas, a efectos de prevención, un prazo de **24 horas** como mínimo.
- O alumnado manipulará só os recursos mínimos e necesarios. Como norma xeral, solicitará o material que precise ao profesorado de garda, que será o encargado de localizalo e retornalo ao seu lugar.

HORARIO

De forma xeral, **o horario da biblioteca coincidirá co horario lectivo**, sempre que haxa profesorado de garda dispoñible para a súa atención.

LUNS: De 8:30 a 14:00 e de 15:30 a 21:40

DE MARTES A XOVES: De 8:30 a 14:00 e de 16:20 a 21:40

VENRES : De 8:30 a 14:00